

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15024902	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	A Coruña	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes.

Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Ademais, e baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 3º de EP (7 ou 8 anos), o alumnado está en plena fase de maduración cognitiva, sendo capaces de desenvolver un pensamento lóxico sobre os obxectos físicos. Neste período comezan a diferenciar os cambios que se producen na súa contorna, polo que será fundamental sentar as bases do seu posterior coñecemento sobre as Ciencias Sociais dunha maneira fundamentada e reflexionada para que poidan acadar unhas aprendizaxes o máis extrapolables e perdurables posibles.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Terra e as súas paisaxes.	Sistema solar, movementos internos da Terra, representación da Terra e as paisaxes (montaña, chaira e costa).	20	20	X		
2	Necesitamos auga para vivir.	As augas mariñas, os ríos, o percorrido dun río, outras augas.	15	10	X		
3	Que importante é o aire!	A atmosfera, a choiva, o tempo atmosférico.	15	10		X	
4	Vivimos xuntos	A Comunidade Autónoma de Galicia, a poboación de Galicia, aldes, vilas e cidades, o goberno da localidade, os servizos do Concello.	20	10		X	
5	Cantos traballos diferentes!	Organización dos traballos, a pesca, os traballos do campo, a fábrica, os servizos.	15	10			X
6	Moitas cousas fálannos do pasado	Historia persoal, historia da localidade, o pasado e as súas testemuñas.	15	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Terra e as súas paisaxes.	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados facendo observacións, medicións e rexistros.	PE	50
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características fundamentais do medio natural, social e cultural.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar a tecnoloxía de forma segura para buscar información.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa e da constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.</li> <li>- O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma.</li> <li>- Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, dos mapas e doutros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas.</li> <li>- O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Necesitamos auga para vivir.	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características fundamentais do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar algunha relación entre os elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar a tecnoloxía de forma segura para buscar información.	TI	50
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar algún problema ecosocial e propoñer algunha solución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Que importante é o aire!	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar algunha relación entre os elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar algún problema ecosocial e propoñer algunha solución.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular algunha pregunta sobre o medio natural, social e cultural que amose curiosidade.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa e da constancia na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual</li> <li>- O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma.</li> <li>- O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Vivimos xuntos	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información en máis dunha fonte.	PE	52
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades na contorna escolar asumindo algunha responsabilidade.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características fundamentais do medio natural, social e cultural.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Analizar a importancia das migracións e a súa achega cultural.		
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno e servizos públicos.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar a tecnoloxía de forma segura para buscar información.	TI	48
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular algunha pregunta sobre o medio natural, social e cultural que amose curiosidade.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar algunha acción que fomente a igualdade de xénero.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar as normas básicas de convivencia incluídas as viais e as de sustentabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- resolución de conflitos.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas.</li> <li>- Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura da paz e non violencia.</li> <li>- Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia.</li> <li>- Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Compromisos e normas para a vida en sociedade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Cantos traballos diferentes!	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar algunha relación entre os elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Analizar a importancia das migracións e a súa achega cultural.		
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno e servizos públicos.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar algunha acción que fomente a igualdade de xénero.	TI	50
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar as normas básicas de convivencia incluídas as vías e as de sustentabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.</li> <li>- Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.</li> <li>- Compromisos e normas para a vida en sociedade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Moitas cousas fálannos do pasado	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características fundamentais do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e proponendo accións para a súa conservación e mellora.	Desenvolver algunha conduta para protexer o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer algunha persoa e grupo social relevante desde a prehistoria ata a Idade Antiga.	TI	50
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar a tecnoloxía de forma segura para buscar información.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades na contorna escolar asumindo responsabilidades.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar algunha acción que fomente a igualdade de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).</li> <li>- Avances no pasado relacionados coa ciencia e coa tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.</li> <li>- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.</li> <li>- Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia.</li> <li>- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.</li> <li>- Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.</li> <li>- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Os piares fundamentais sobre os que se sustentará a nosa metodoloxía de aula serán os seguintes:

-A aprendizaxe construtiva e significativa. Partiremos dos coñecementos previos do alumnado que recabaremos a través da avaliación inicial da materia para contruir progresivamente sobre eles novas aprendizaxes. Á súa vez, perseguirase que este novos contidos teñan unha aplicación directa e eficaz na vida real e cotiá do alumnado de xeito que descubra, por sí mesmo, a relación entre a escola e a súa realidade.

-O enfoque globalizador e activo. Ten como obxectivo responder mellor ás necesidades da sociedade actual na que os problemas aos que terá que afrontarse o noso alumnado requiren da posta en práctica de varios saberes ao mesmo tempo e non da aplicación de coñecementos separados en coñecementos estancos.

-A interacción. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven

reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

-A contorna como obxecto de aprendizaxe. Así, será un medio idóneo para a adquisición de novos contidos, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) ata chegar a outras máis complexas.

-O profesorado como mediador e guía, permitiéndolle ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, así como o enfrontamento dos retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe.

-O erro como fonte de aprendizaxe, valorando as respostas alternativas do alumnado como un punto de partida cara a exploración de novas respostas máis adecuadas co coñecemento matemático certo e riguroso.

-Traballo en equipos heteroxéneos poñendo en valor a diversidade do alumnado e enriquecéndonos coas distintas formas e estilos de aprendizaxe de cada un deles.

Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamento dos equipos, a rotación de cargos...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (Santillana)
Caderno din a4 de dobre pauta.
Material funxible (lápiz, goma, follas....)
Globo terráqueo, mapas...
Noticias impresas ou dixitais sobre o cambio climático.
Pluviómetro, barómetro....
Ordenador de aula con conexión a internet
Encerado tradicional e pizarra dixital interactiva

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, cunha aprendizaxe científica significativa e cunha contribución adecuada ao desenvolvemento das súas competencias.

Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións sociais diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.

Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos na nosa aula en concreto. Así, a recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.

Polo tanto, a avaliación inicial ao comezo de curso terá as seguintes funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

De forma complementaria ao anterior, e para definir o punto de partida da materia no relativo aos contidos puramente científicos, levarase a cabo unha avaliación baseada na resolución de pequenos exercicios da área sobre contidos impartidos durante o curso anterior para valorar o grao de adquisición dos mesmos ao comezo do presente curso escolar.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	52	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	48	50	50	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

Entendendo a cualificación do traballo escolar como a tradución dos procesos de avaliación nunha expresión numérica, outórganse as seguintes ponderacións porcentuais separadas por instrumentos de avaliación:

- Proba escrita (no seu amplo sentido, abarcando: libro, caderna, fichas...): 50%
- Táboas de indicadores (nos diferentes formatos de: folla de observación, anecdotarios...): 50%

### Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte.

O anterior non impedirá poñer en práctica as oportunas medidas de reforzo educativo (RE). Este realizarase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións ou de forma conxunta, polos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe seguindo a planificación horario ao efecto ou pola mestra ou mestre de apoio con disponibilidad horaria.

Con todo, ademais dos procedementos e instrumentos propios de cada unha das avaliación, corroborarase, de forma complementaria, a efectiva adquisición dos criterios de avaliación pendentes a través de:

- Observación directa e sistemática durante as tarefas de aula
- Traballos extraescolares dirixidos
- Traballos interactivos a través da Aula Virtual do centro que fagan no horaio extraescolar coa colaboración das

familias.

A cualificación actualizarase no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade e co obxectivo de garantir unha formación integral do alumnado, ademais da avaliación inicial, desenvolveranse as seguintes estratexias dentro da aula ordinaria:

-Adecuación da organización da aula, colocando aos alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), ou sospeitosos de telas, preto das mesas das docentes e rodeados de compañeiros que lle sirvan de axuda (a excepción do alumnado que presente unha conduta máis hiperactiva, que será situado no posto máis afastado de elementos distractores).

-Adecuación da programación incluíndo temáticas relacionadas cos intereses do alumnado para captar a súa atención e evitar as distraccións.

-Medidas de reforzo educativo como: adaptar o formato das probas escritas (tipografía máis grande, dobre entreliñado, palabras claves en negra e pictogramas extraídos da páxina ARASAAC); dar máis tempo para facer as probas escritas; e deixar que contesten ás preguntas de desenvolvemento de forma oral.

-Comunicación cos equipos pedagóxicos internos (Equipo de Orientación) e externos ao centro que traballan con algúns dos alumnos NEAE para acordar pautas de traballo en común.

- Estratexias metodolóxicas para promover o inicio da tarefa e o traballo autónomo dirixidas ao alumno con carencias neste sentido.

- Actividades de enriquecemento curricular para o alumno con AACC baseadas nos seus centros de interese.

Ademais das medidas anteriores, que serán desenvolvidas polas titoras na aula ordinaria, o alumnado que así o precise segundo as valoracións do Departamento de Orientación, recibirá a atención dos mestres especialistas en Audición e Linguaxe e en Pedagogía Terapéutica dentro ou fora da aula segundo as necesidades de cada momento. Finalmente, o alumnado que o precise contará cunha Adaptación Curricular dos elementos prescriptivos do currículo que lle permita acadar, como o resto do seu grupo, os obxectivos establecidos de forma xeral.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Tecnoloxías da información e a comunicación	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación en valores	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Espírito científico	X	X	X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Educación para a saúde		X	X			

**Observacións:**

Estes elementos desenvolveranse de xeito transversal sen perxuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa.

Asimismo, porase especial atención na potenciación da aprendizaxe significativa para o desenvolvemento das competencias transversais que promovan a autonomía e a reflexión.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoración da Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia	Lectura dos artigos máis represnetativos das leis de maior xerarquía de España e de Galicia			
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	Lectura dos artigos máis salientables da Declaración e representar o seu contido a través de imaxes.			
Día Internacional da Muller	Usar a páxina do IGE (Instituto Galego de Estatística) para elaborar gráficos d epoboación home-muller			
Día de Europa	Traballo con mapas e coa plataforma Google Earth.			
Día Mundial do Medio Ambiente	Lectura de noticias sobre o cambio climático.			

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Aprendizaxe alcanzada polo alumnado. Corroborarase que a meirande parte do alumnado, de forma cuantitativa, acadou de xeito significativo e de forma práctica, os mínimos dos criterios de avaliación recollidos e especificados na presente programación.
Medidas de atención á diversidade. Observarase que as medidas postas en práctica na aula ordinaria adecuáronse ás características, capacidades e necesidades do alumnado máis vulnerable en xeral e ao alumnado con Necesidades Específicas de Aprendizaxe en particular. Asiesmo, verificarase que ditos procesos e instrumentos deron os resultados esperados de forma satisfactoria.
Clima de traballo na aula. Mediante técnicas de recollida de información do funcionamento do grupo como estrutura social, como os sociogramas, comprobarase se entre o alumnado existen vínculos de compañeirismo e pertenza ao grupo entre eles que favorezan unha convivencia pacífica e armoniosa que propicie as aprendizaxes.
Comunicación co equipo docente. Buscarase que o intercambio de información co resto do euqipo docente e o traballo colaborativo á hora de deseñar as mellores estratexias para atender ao alumnado de xeito global se faga coa maior periodicidade posible.
Relación coa familia. A través de mecanismos como o servizo de mensaxería da plataforma Abalar, o correo electrónico, as titorías, as reunións globais e as circulares informativas buscarase unha relación permanente e o máis fluida posible coas familias do noso alumnado.

Procedementos e instrumentos de avaliación. Buscarase que sexan adecuados aos criterios avaliados e, en determinados casos debidamente xustificadas a través do Departamento de Orientación, adaptados ás necesidades e características do alumnado.

### **Descrición:**

A concreción dos indicadores de logro queda especificada arriba a continuación da enunciación de cada un deles.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel.

A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre a labor docente, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación.

No caso de que o programado na presente non se corresponda co efectivamente levado á aula, analizaremos as posibles causas para tal desaxuste e proporemos as medidas correctoras necesarias a desenvolver na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

## **9. Outros apartados**